



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30

Telefax 981 75 42 29

www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

COMPOSICIÓN DA MESA E TÉCNICO QUE A ASISTIRÁ.

Vistos os documentos obrantes no expediente 263/2012 de contratación da xestión do servizo público de abastecemento de auga potable e saneamento no concello de Cabana de Bergantiños.

Visto que mediante resolución de alcaldía nº 345/2012 de 1 de xuño se aprobaba o expediente e se aprobaban os pregos que rixen o contrato de xestión do servizo público de xestión integral de abastecemento de auga potable e saneamento.

Visto que con data 12 de xuño de 2012 se publicaba anuncio de licitación no BOP (nº110) e no DOGA (nº111) abréndose o prazo de 30 día naturais para a presentación de ofertas.

Visto que devandito prazo rematará o xoves 12 de xullo de 2012.

De conformidade co previsto na cláusula duodécima do prego de cláusulas administrativas particulares, procede designar aos **membros que formarán a mesa** para a calificación da documentación administrativa, de acordo coa composición que figura en devanditos pregos:

Presidente:

José Muíño Domínguez, Alcalde do Concello ou quen legalmente o substitúa.

Vogais:

- D^a. Yolanda Imia Antelo, Interventora accidental do Concello.
- D^a Paula M^a Suárez Cortelo, Secretaria do Concello.
- D. Enrique Vilar Gantes, Arquitecto do Concello,
- D^a M^a Elisa Fernández González, Tesoureira do Concello.

Secretaria. D^a. M^a Cristina Candal Rey, funcionaria do Concello.

Asemade e de conformidade coa mesma cláusula duodécima do prego de cláusulas administrativas particulares, procede designar **ao técnico que asista á Mesa na valoración da documentación contida no sobre B:**

- D. Juan Luis Montenegro Pérez, Ingeniero Técnico Industrial.

En Cabana de Bergantiños a 9 de xullo de 2012.

O Alcalde

José Muíño Domínguez.